

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO XX CONCURSO DE CARTAS “DILLO A QUEN MALTRATA 2023” DO CONCELLO DE LALÍN

O Concello de Lalín, con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, convoca o **XX Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” 2023**.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle no artigo 1 do Título preliminar, enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada. E no artigo 4, considera a violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, incidindo unha parte importante da lei na prevención da violencia a través da sensibilización, a investigación e a formación en materia de igualdade.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece no artigo primeiro o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, entre as que figura a de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade da persoa e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, así como remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Nesta actuación recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

O Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, na disposición final primeira modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e xustifica como **competencia propia municipal**, engadindo o parágrafo o) ao



Igualdade

apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte redacción: “**o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.**”

A Concellería de Igualdade do Concello de Lalín ten pois entre os seus obxectivos contribuír á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes. Entre as accións tendentes á consecución do dito fin está a realización, ao longo de todo o ano, de actividades de sensibilización, información e formación sobre a violencia de xénero, cunha finalidade común, visibilizar, previr e tratar de dar resposta a este problema.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; do R.D. Legislativo 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; do R.D. Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido de Facendas Locais; do R.D 500/1990 polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos; das Bases de execución do orzamento 2023 do Concello de Lalín e respectando o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, **o Concello de Lalín**, a través da Oficina de Igualdade, **convoca o XX concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” 2023**, de acordo coas seguintes:



BASES

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Concello de Lalín convoca o **XX Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata 2023”**

As presentes bases teñen por obxecto a concesión de premios do **XX Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”**, organizado polo Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, coa finalidade de promover a reflexión sobre a problemática da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural, vicaria..., así coma os efectos e consecuencias da mesma.

1. Poderán participar todas as persoas que así o desexen. **Cada participante poderá enviar un máximo de tres cartas.**

2. As cartas deberán ser remitidas xunto coa ficha de inscrición ao **Rexistro Xeral do Concello de Lalín** (Praza de Galicia, 1 - 36500 Lalín - Pontevedra) dentro dun sobre pechado, no que figurará XX Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”, tamén poderán enviarse por correo electrónico a axentedeigualdade@lalin.gal por separado nun arquivo a carta e noutro a ficha de inscrición, indicando no asunto XX Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”.

3. A temática á que deben axustarse os traballos son **as violencias por razón de xénero.**

4. Os traballos presentaranse en galego ou castelán e terán unha extensión máxima de dous folios, escritos por unha soa cara a dobre espazo, preferiblemente en letra Arial, tamaño 12 e formato DIN A4.

5. Todos os traballos que se presenten deberán ser orixinais, inéditos e non presentados en anteriores concursos.

6. Os criterios de valoración para elixir ás persoas premiadas serán os seguintes: contido e tratamento do tema (ata 4 puntos), orixinalidade (ata 3 puntos), expresión e presentación en xeral (ata 3 puntos).

7. Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle de traslado do seu extracto ao BOPPO. O prazo para a presentación das cartas empezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará **o xoves 9 de novembro**. As bases estarán a disposición das persoas interesadas na Oficina de Igualdade e na web www.lalin.gal



Igualdade

8. A organización do concurso procederá á preselección de vinte cartas. Os orixinais quedarán en poder da Oficina de Igualdade, que se reserva o dereito para a súa publicación, exposición, doazón..., ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.

9. Das vinte cartas preseleccionadas, un xurado composto por concelleiros e concelleiras de diferentes áreas municipais, por representantes dos grupos da oposición e por persoal técnico con experiencia en violencia de xénero, presidido pola Concelleira de Igualdade, ou persoa en quen delegue e cuxa secretaría será desempeñada polo axente de igualdade, valorará entre 1 e 10 puntos cada unha das cartas atendendo aos criterios de valoración recollidos no punto 6. Entre as mellor puntuadas decidirá cales son as tres gañadoras.

O fallo do xurado recollerase nun acta e será levado á Xunta de Goberno Local para a aprobación da concesión dos premios, que se fará público na web do Concello de Lalín www.lalin.gal

A composición do xurado será a seguinte, ou persoas en quen deleguen:

- Presidencia: - Concelleira delegada de Igualdade.
- Vogais: - Concelleira delegada de Cultura.
- Concelleiro delegado de Xuventude.
- Representante do grupo municipal de CxG.
- Representante do grupo municipal do PSOE.
- Representante do grupo municipal do BNG.
- Asesora xurídica do Centro de Información ás Mulleres.
- Psicóloga do Centro de Información ás Mulleres.
- Técnica/o do gabinete de prensa.
- Secretaría: - Axente de Igualdade.

10. Os premios outorgaranse en especie e consistirán nun **diploma acreditativo** e os seguintes premios:

- 1º premio: Tablet 11" 4GB 128GB** valorada en 269,00 €
2º premio: Tablet 10,1" 3GB 32GB valorada en 169,00 €
3º premio: Libro electrónico 6" valorado en 129,00 €

O importe total dos premios será de **567,00 €** (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria **0.2312.48100**



Os premios entregaranse en acto público ao que deberán asistir, se é posible, as persoas gañadoras, que serán avisadas con antelación. Os premios poderán ser declarados desertos e o fallo do xurado será inapelable.

11. As cartas gañadoras poderán divulgarse a través dos medios de comunicación e redes sociais.

12. As persoas participantes serán as únicas responsables do contido das súas cartas en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios, segundo as leis vixentes. Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado, e as súas decisións serán inapelables.

13. As persoas premiadas deberán acompañar **declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións**. Sen esa declaración non poderán ser beneficiarias dos premios.

14. A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso - administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lalín, 11 de outubro de 2023.

A Concelleira Delegada de Igualdade, M^a Carmen Canda Larroy

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE



Igualdade

FICHA DE INSCRIPCIÓN NO XX CONCURSO DE CARTAS “DILLO A QUEN MALTRATA 2023”

Nome:

Apelidos:

DNI:

Idade:

Enderezo:

Poboación:

C.P.:

Telf.:

Correo electrónico:

Centro de traballo ou estudos:

Pola presente declaro a autoría das obras presentadas ao concurso e a posesión dos seus dereitos de autoría. Autorizo á Oficina de Igualdade do Concello de Lalín para a súa libre exposición, reprodución e publicación en actividades educativas e sen ánimo de lucro. Coa miña participación acepto as bases do concurso.

Firma:

Data:

Desexo que a autoría da miña carta quede no anonimato empregando o pseudónimo.....

OFICINA DE IGUALDADE

Praza de Galicia, 1
36500 Lalín (Pontevedra)
986 78 70 60 - 986 18 10 45
axentedeigualdade@lalin.gal



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Los datos por Ud. facilitados serán tratados por el **CONCELLO DE LALÍN**, en calidad de Responsable de Tratamiento, con la finalidad de llevar la gestión de preinscripciones, inscripciones y desarrollo de actividades de carácter sociocultural, a nivel individual. Gestión administrativa y contable del servicio.

La base jurídica de legitimación para el tratamiento de los datos personales radica en el consentimiento explícito manifestado por Ud. mediante la formalización de la reserva, participación, inscripción o matriculación. En todo caso, los datos serán tratados en el cumplimiento de una misión realizada en interés público o en el ejercicio de poderes públicos conferidos al CONCELLO DE LALÍN.

Los datos serán conservados durante el plazo de tiempo que tenga duración a la actividad. No obstante, los datos podrán ser conservados, en su caso, con fines de archivo de interés público, fines de investigación científica e histórica o fines estadísticos.

Los datos serán cedidos a las entidades públicas o privadas, a las cuales sea necesario u obligatorio ceder éstos para poder gestionar su solicitud, así como en los supuestos previstos, según Ley.

Ud. podrá ejercitar los derechos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación o, en su caso, Oposición. A estos efectos, deberá presentar un escrito en el Registro de Entrada, electrónico o presencial, del CONCELLO DE LALÍN. En el escrito deberá especificar cuál de estos derechos solicita sea satisfecho y, a su vez, deberá mostrar o, en caso de envío postal, acompañar la fotocopia del DNI o documento identificativo equivalente. En caso de que actuara mediante representante, legal o voluntario, deberá aportar también documento que acredite la representación y documento identificativo del mismo. Asimismo, en caso de considerar vulnerado su derecho a la protección de datos personales, podrá interponer una reclamación, en primer lugar, ante nuestro Delegado de Protección de Datos: dpd@lalin.gal o, en su caso, ante la Agencia Española de Protección de Datos (<http://www.aepd.es>)/www.aepd.es).

